

Desenvolvemento da fase galega:

Rally 2023. Fase galega. Cronograma		
Lugar: aula de Bioloxía 3º andar da Facultade de Química		Lugar: aulas nº 342 e 344
Horas	equipos	1 profesor/grupo participante
10:30 10:45- 11:45	Probas de 1º, 2º, 3º e 4º Matemáticas. Prevista a entrada na aula ás 10:30 Inicio da proba ás 10:45. Duración da proba 1 h	1 profesor/grupo, 3 de cada categoría. Lectura das probas e dos criterios de corrección propostos. Modificación, se procede. A continuación, corrección conxunta de cada un dos exercicios polos 3 profesores ou profesoras de cada categoría.
11:45- 12:45	Tempo libre dos equipos para descansar ou acudir a outras actividades (acompañados por 1 dos seus docentes pois o outro estará corrixindo)	
Tempo libre dos equipos para descansar ou acudir a outras actividades (acompañados por 1 dos seus profesores pois o outro estará corrixindo)		
12:55 13:00 - 14:00	Aula Magna Comunicación de resultados e entrega de premios a todos os participantes a partir das 13:00	

-Sobre as 10:30 entrarán na aula os grupos, segundo se vaian chamando. E sentaranse nun dos lugares establecidos para cada curso, sinalados mediante unha cartolina na que figura o curso correspondente.

-Na mesa atoparán un sobre que non deben abrir ata que se lles indique.

-Colocarán sobre a mesa o seu DNI, ata que se lles comunique que poden recollelo.

-Comentarase o desenvolvemento da proba e as cuestións relativas ás contrasinais.

-A corrección das probas de cada categoría corre a cargo de 3 dos profesores que acompañen aos grupos participantes, 1 profesor/grupo. Tamén determinan a orde de clasificación dos equipos. *Lembrete que non debes comentar cos grupos como quedaron na clasificación, ata que se lles anuncie na entrega de premios.*

A partir das 11:45 h e ata as 12:55 h, deben estar dous profesores/grupo, un deles cos rapaces mentres o outro profesor continúa coa corrección das probas.

Probas

Que recursos se poden usar na proba?: levar algún libro, calculadoras (non a do móbil), regras...

Que non se pode usar?: móbiles, ordenadores. O seu uso será motivo de descualificación do grupo.

Ao grupo pasaráselle todos os exercicios ao mesmo tempo pero, algún/algúns dos exercicios terán tempo limitado e comezarase por eses. O menor tempo de entrega servirá para **desempate** se é necesario.

Aula Magna

Sobre as 12:55-13:00 chegada á Aula Magna da Facultade de Química para proclamar os gañadores e realizar a entrega de premios. Duración prevista: ata as 14:00.

No tempo entre a proba e a entrega de premios, a experiencia de edicións anteriores dinos que:

-algúns equipos, polo menos os dos primeiros cursos, prefiren ir á cafetería da facultade ou pasear polos xardíns do campus para tomar o bocadillo que acostuman a comer no recreo, e despois vanse incorporando á aula Magna.

-outros equipos aproveitan para ir a algunha actividade.

Actividades complementarias que podedes reservar:

-Observatorio astronómico que, dada a súa proximidade, pode ser unha alternativa para visitar tamén no tempo libre da mañá. Podedes efectuar a reserva no teléfono (+34) 881815016.

-Visita guiada na Facultade de Química. Estamos á espera de que nos comuniquen se terán a posibilidade de pferña- Comentarémosvos en canto o saibamos.

Outras posibilidades:

-Museo de Historia Natural, reaberto, pero cambiou de lugar

<http://www.santiagoturismo.com/museos/museo-de-historia-natural-1>

...

Comida

Hai varios comedores universitarios baratos na zona: o máis próximo é o de Fonseca, pero hai moitos outros, por ex. o de Matemáticas.